

## VANTAXES DO SISTEMA RED, A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E AS NOTIFICACIÓNS TELEMÁTICAS

- **Dispoñible** en todo momento e desde calquera lugar as **24 horas dos 365 días do ano**.
- **Aforro de tempo** ao evitar desprazamentos e espera de turnos.
- **Aproveita as experiencias** previas con dispositivos móbiles e co canle internet para a **xestión áxil, sinxela e intuitiva dos trámites** coa Seguridade Social.
- **Permite unha maior inmediatez** na realización das xestións e unha **maior seguridade** no éxito das mesmas.

### Mais información:

Páxina web:  
<https://www.seg-social.es>

Sede electrónica:  
<https://sede.seg-social.gob.es>

Atención Telefónica:  
901 50 20 50

### MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

Publicación incluída no programa editorial do suprimido Ministerio de Emprego e Seguridade Social e editada polo Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social (Real Decreto 355/2018 do 6 de xuño).



GOBIERNO  
DE ESPAÑA


MINISTERIO  
DE TRABAJO, MIGRACIONES  
Y SEGURIDADE SOCIAL



SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDADE SOCIAL

INSTITUTO SOCIAL  
DE LA MARINA

Portal Web



## TRABALLADORES POR CONTA PROPIA DO RÉXIME ESPECIAL DO MAR

Sistema Red  
Administración Electrónica  
e Notificación Telemáticas



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE TRABAJO, MIGRACIONES  
Y SEGURIDADE SOCIAL



SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDADE SOCIAL

INSTITUTO SOCIAL  
DE LA MARINA



A partir do  
**1 de outubro de 2018**

esténdese a obrigatoriedade de transmisión a través do Sistema RED para os traballadores por conta propia incluídos no grupo primeiro de cotización do Réxime Especial de Traballadores do Mar (REM).

Para os incluídos nos grupos segundo e terceiro o uso do Sistema RED é voluntario.

## PARA REALIZAR OS TEUS TRÁMITES POR VÍA ELECTRÓNICA PODERÁS UTILIZAR DÚAS CANLES:

- Sistema **RED** (Remisión Electrónica de Datos).
- **A Sede Electrónica da Seguridade Social** (SEDESS)

## SISTEMA RED

Ao sistema RED, pódese acceder de dúas formas:

- A través da páxina web da Seguridade Social (<https://www.seg-social.es>).
- A través da Sede Electrónica da Seguridade Social (<http://sede.seg-social.gob.es>): picando no ligazón Sistema REDE/Sistema de Liquidación Directa que se vincula coa páxina web da Seguridade Social.

Para o acceso ao Sistema **RED** precísase certificado dixital e presentación previa de solicitude de autorización (formulario FR.101), pois é necesario estar debidamente autorizado.

A solicitude de autorización pódese presentar de forma presencial ou a través do Rexistro Electrónico (RE) da Sede Electrónica, ao que se pode acceder con certificado dixital ou DNI electrónico.

Para facilitar as súas xestións, un autorizado **RED** pode actuar na súa representación, estando tamén dispoñibles na Sede Electrónica os servizos que permiten a xestión da asignación ou designación do Número de Afiliación (NAF) do traballador autónomo a un autorizado **RED**.

### Algúns servizos que, a partir do 1 de outubro de 2018 estarán dispoñibles a través do Sistema RED, son:

- **Alta do traballador por conta propia do REM:** Para o alta con carácter previo ao comezo da actividade laboral (ata 60 días naturais).  
Se se trata dun traballador do grupo primeiro, poderá simultaneamente elixir a base de cotización e, no seu caso, optar polo incremento automático no mesmo porcentaxe en que se incremente a base máxima.
- **Baixa do traballador por conta propia do REM:** Para a baixa dentro do prazo dos 3 días naturais seguintes á data do cesamento da actividade.
- **Partes médicos de IT:** Para comunicar ao INSS os partes médicos de baixa, confirmación e alta da Incapacidade Temporal.
- **Petición de informes:** A través deste servizo tamén se poden solicitar informes de situación de cotización, de bases e cotas ingresadas, etc...



## SEDESS


Ademais do acceso directo ao Sistema **RED** a través da Sede Electrónica, en **SEDESS** ten dispoñible o servizo electrónico de "Alta Traballadores Réxime Especial do Mar conta propia", mediante a presentación de solicitudes por Rexistro Electrónico (RE).

O Instituto Social da Mariña está a traballar para ofrecer aos seus traballadores por conta propia outros servizos online similares aos existentes na actualidade para o resto de traballadores autónomos, para os que se precisará certificado dixital, DNI electrónico ou usuario e contrasinal do Sistema Cl@ve Permanente (<https://clave.gov.es>).

Cando estean dispoñibles os servizos online, informáremoslles oportunamente.

Así mesmo, os suxeitos responsables quedarán obrigados a comparecer nas **SEDESS**, a efectos de recibir as notificacións e comunicacións electrónicas, desde o 1 de outubro de 2018:

En **SEDESS**, ten dispoñible o servizo de Consulta e Firma de Notificacións Telemáticas, ao que pode acceder con Certificado Dixital, DNI electrónico ou usuario e contrasinal do Sistema Cl@ve Permanente ([clave.gob.es](https://clave.gob.es)).



**LEMBRE QUE DEBE  
COMUNICAR E ACTUALIZAR OS SEUS  
DATOS DE CONTACTO PARA RECIBIR  
INFORMACIÓN E AVISOS DE  
NOTIFICACIÓNS.**